

RUTA PONDALIANA

ACHEGAMENTO Á VIDA DE EDUARDO PONDAL

Eduardo María González Pondal, coñecido popularmente por Eduardo Pondal, naceu en Ponteceso o 8 de febreiro de 1835, sendo bautizado dous días despois na igrexa parroquial de san Tirso de Cospindo.

Foi o máis pequeno de sete irmáns, ficando orfo de nai cando tiña un ano, encargándose da súa crianza as súas irmás.

Despois de aprender as primeiras letras coa súa familia, foi estudar gramática e cultura clásica á parroquia de Nemiña (Muxía), onde estaba de párroco un parente seu. Logo trasládase á cidade de Santiago para estudar bacharelato e cursar a carreira de medicina, influenciado polo seu tío Leandro Abente, médico de Muxía. Pouco tempo exerceu a medicina, xa que a súa vocación era a poesía.

Durante a súa vida estudiantil en Santiago participa no encontro entre estudantes e artesáns, o denominado Banquete de Conxo (1856), para o que Pondal compoñerá un poema. Nestes anos tomará contacto con outros escritores galegos: Rosalía de Castro, Murguía, Aurelio Aguirre... O resto da vida de Pondal transcorrerá entre a súa Ponteceso natal e a cidade da Coruña, dedicado de cheo á creación poética. Morrerá na cidade herculina en 1917, descansando os seus restos no cemiterio de san Amaro.

A súa primeira poesía en lingua galega foi **A campana de Anllóns** (1958). En 1886 publicárase o seu libro **Queixumes dos pinos**, no que se recolle a meirande parte da súa obra en galego. O bardo da Ponteceso estivo ao longo da súa vida compoñendo versos para o seu gran poema épico **Os Eoas**, poema publicado non hai moitos anos.

Influenciado polos historiadores da época (Murguía e Vicetto), Eduardo Pondal intentou crear un mundo mitolóxico poboado de heroes celtas, con nomes sacados da toponimia bergantiñá (Gondomil, Gundar, Rentar, etc.), que nos falan dun pasado histórico glorioso. A súa poesía fai tamén unha frecuente alusión ao mundo clásico grego (helenismo), cultura que coñecía ben o noso poeta.

A paisaxe bergantiñá tamén está moi presente na poesía de Pondal. Unha paisaxe salvaxe de árbores, aves, topónimos ou restos históricos, que simbolizan o paso do tempo, a liberdade, a fortaleza, a soidade, etc.

Tamén fai Pondal unha clara defensa da lingua e da patria galega. Un poema seu: **Os pinos**, converteuse na letra do himno galego, ao que lle puxo música Pascual Veiga.

RUTA

1.CASA NATAL DE EDUARDO PONDAL

A casa onde naceu Pondal foi construída a principios do século XIX, polo seu pai cos aforros que gañara como emigrante en Bos Aires, que xunto coa herdanza dos seus antepasados atribuíalle unha folganza económica e unha boa posición social.

A súa situación á beira do Anllóns, onde existiu un pequeno peirao, fixo que no seu baixo houbera un almacén de sal. Na actualidade esta casa é residencia particular da familia Valdés, herdeiros dos Pondal. Como ben manifesta neste poema, Pondal sentíase fachendoso de nacer na pequena vila de Ponteceso.

No xardín que hai na ribeira do Anllóns podemos ver un monolito dedicado a Pondal en nome do seu pobo, obra do artista Isaac Díaz Pardo. Nel recóllese a seguinte inscrición: "EDUARDO PONDAL (1835-1917). O BARDO, PRESENTE NA LEMBRANZA DO SEU POBO. 1981". Ademais graváronse versos do seu primeiro poema en galego: "A campana de Anllóns".

*Eu nacín en agreste soedade,
Eu nacín cabo dun agreste outeiro,
Por onde o Anllóns, con nobre maxestade,
camiña ó seu destino derradeiro.
Eu non nacín en vila nin cidade,
mais lonxe do seu ruído lisonxeiro;
eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponteceso.*

*Uns naceno na máxica Granada,
Outros naceno en Málaga famosa,
Os outros en Sevilla nomeada,
Os outros en Valencia deleitosa:
Uns na garrida Cádiz, ben soada,
En Barcelona os outros, populosa;
Eu nacín cabo de pinal espeso,
Eu nacín na pequena Ponteceso.*

*Amabre Ponteceso, anque pequena,
Agreste certamente, máis garrida;
Cando deixar a mundanal faena
Teu bardo, e for pasado desta vida,
Non te esquezas de quen, con faz serena,
Dixo a toda cidade fementida:
Eu nacín cabo de pinal espeso,
Eu nacín na pequena Ponteceso.*

2. IGREXA DE COSPINDO

Esta foi a igrexa na que se bautizou E. Pondal o 10 de febreiro de 1835. Aínda que o templo é de época anterior, a súa fachada foi construída a comezos do século XIX, o mesmo que o seu esvelto campanario. Unha e outro, obra de

Manuel Gamallo, mestre canteiro ao que Pondal cita nun dos seus poemas.

Fronte á fachada hai un monolito que lembra o bautizo do bardo, inaugurado en 1992 polo escritor e artista Isáac Díaz Pardo. De par da igrexa atópase a antiga casa rectoral, sé da Fundación Eduardo Pondal.

*Certo este é Lestemoño,
cos seus prados arredor,
aquele é San Vicente
da Graña, o rueiro bo.
Aquél outro é Carballido,
a Cepeira, máis acó,
e Trezo e a Brixería,
e o Briallo no seu altor,
e o Couto, e seu campanario
garrido e branqueador
que Gamallo antigo obrou;
e Currás e a Matigueira,
preto do mar máis aló
criadora de figos bos.
Lugares, caros lugares,
non me concedes vós?
Tan mudado me atopades
daquel tempo que pasou?
Certo, vós sodes os mesmos
máis eu, o mesmo non son.*

3. ESTEIRO DO ANLLÓNS

O río Anllóns na súa desembocadura forma un amplo esteiro coñecido tamén como Enseada da Insua, que se estende fundamentalmente desde Ponteceso ata a barra. Ademais da parte asolagada polas augas cando sobe a marea, forman parte deste espazo as marismas e prados que hai a súa beira. Trátase dunha zona de grande interese ecolóxico, tanto pola riqueza da súa flora como pola gran variedade de especies animais, especialmente aves.

*Ouh mazarico que cantas
no xungal vougo e sombrizo,
non ergas tan triste pranto,
non cantes máis, mazarico:
como fouce de ferro aguzada
mesmo na alma te sinto.*

*Antre as espesas canizas
do angoeiro húmedo e frío,
non cantes máis, compañeiro,
compañeiro mazarico:
como fouce de ferro aguzada
mesmo na alma te sinto.*

*As esperanzas fallaron,
as alegrías fuxiron,
o corazón esta deserto...
non cantes máis mazarico.*

4. MONTE BRANCO

O monte Branco (181 m.), que cada día divisaba Eduardo Pondal desde a súa casa, utilízao na súa poesía coma un de tantos elementos da natureza bergantiñá. Con el estableceu un paralelismo comparativo entre a súa vida e a evolución natural do monte. Os dous perderon as súas alegrías co paso do tempo. O monte foi despojado polo vento das súas brancas areas, e o bardo, perdeu as ilusións que tiña de novo.

Este pequeno monte, situado nun lugar estratéxico sobre a ría de Corme e Laxe e a enseada da Insua, debe o seu nome á area que cobre as súas ladeiras, procedente da barra que se formou na desembocadura do Anllóns. Desde o seu cume, podemos gozar de excelentes panorámicas:

Ao leste divisamos a desembocadura do Anllóns, a vila de Ponteceso, a parroquia de Anllóns e os vales de Cospindo, A Graña e Tella.

Ao sur vemos toda a enseada da Insua, os montes Borneiros e as parroquias cabanesas de Cesullas e Canduas.

Ao oeste, ábrese a ría de Corme e Laxe, coas dúas vilas, unha fronte á outra. Ao pé do monte esténdese a pequena valgada de Valarés, que remata na acollidora praia do mesmo nome.

*Monte-Branco, Monte-Branco,
cando te vexo de lonxe
verto a soas triste pranto.*

*Pois as nosas alegrías
ós dous nos fono fallando;
a ti, das túas areas
os ventos te despojan;
a min, tamén me fallecen
aqueles gustos pasados;
¡ti negreas i eu teño a cabeza
chea de cabelos brancos!*

5. PRAIA DE VALARÉS

Esta fermosa praia, dividida en dous pequenos areas por unha formación rochosa, sitúase ao final do pequeno val que leva o mesmo nome. Nel existiu un pequeno núcleo de poboación e a capela de santa Mariña, na que se celebraba unha concorrida romaría. Cando a ermida se arruinou, pasou a celebrarse en Ponteceso, onde a finais do século XIX se levantou unha nova capela que aínda existe actualmente.

Estas terras de Valares eran propiedade da familia dos Valdés, actuais descendentes de Pondal. Eles foron os que venderon as terras próximas á praia á empresa "Titania", que se encargou da explotación de titanio entre os anos 1936 e 1962.